

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

DATA : 28-05-2024

ASISTENTES:

XUNTA DE GOBERNO:

Presidenta: Miriam Rodríguez Sierra.

Secretaria: Ana Rodríguez Rodríguez

Tesoureiro: Antonio Doval Canabal

Vicepresidenta: Ana Vilar Varela

Vogais:

Rosario Capelo Casas

Laura Zapata Criado

Belén Vázquez Iglesias

Isabel Fernandez Lema

Nº colexiadas/os:

1141,4332,2980,3948,2695,2699,1398 e 3293 online.

1167 e 630 en modo presencial.

Delegacións de voto:

2913 delega en 703

568 delega en 568

828 delega en 2907

233 delega en 1167

3194 delega en 1167

4042 delega en 604

1193 delega en 604

679 delega en 604

En Santiago de Compostela, na sede do COTSG na Rúa Dublín nº 6, sendo as 16:32 horas do martes 28 de maio de 2024, da comezo (en segunda convocatoria) a sesión da Asemblea Xeral Extraordinaria do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (en adiante COTSG), coa asistencia das persoas que se relacionan no encabezamento da acta, para tratar a seguinte Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, a acta da Asemblea 2023
2. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria económica do ano 2023.
3. Presentación e aprobación, se procede, da Previsión de Gastos e ingresos para 2024.
4. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria do ano 2023.
5. Presentación e aprobación, se procede, do Plan de actividades do ano 2024.
6. Aprobación, se procede, do Código de Bo Goberno
7. Aprobación, se procede, das Cotas colexiais.
8. Rogos e preguntas.

**1- Lectura e aprobación, se procede, a acta
da Asemblea 2023**

Miriam Rodríguez da a benvida.

Ana Rodríguez, secretaria da Xunta de Goberno, procede, unha vez que as asistentes teñen acceso á lectura da acta da asemblea anterior. A secretaria somete o texto a votación da Asemblea que a

aproba a Acta con 16 votos presencial e 5 online a favor e 1 abstención.

2. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria económica do ano 2023.

Miriam Rodríguez da paso ao tesoureiro para presentar a memoria económica, e a persoa da asesoría por se houbera dúbidas. Expón as principais partidas, e destaca o gasto de persoal, subvención do 50% do prezo da formación e a perda de ingresos pola colexiación que se acolle ao pronto pago.

Intervén o Colexiado 3948 que sinala a existencia dun erro material no pasivo da cifra total así como, que no desglose de cantidades, en vez de poñer no concepto o nome da empresa de xestión da auga “VIAQUA” pon “VIGO”. A asesora da conta do erro e procederá a súa subsanación.

.

A asesora da conta do erro será corrixido.

O tesoureiro explica que o plan contable é bastante e o motivo de que existan novos conceptos con respecto ao ano anterior, estes conceptos nacen co obxectivo de reflexar mellor a realidade, e ganar en transparencia.

Da conta, de que aparece o nome de Adriana Vieites que foi substituída por Isabel Fernandez.

Unha vez feitas estas aclaracións a secretaria da paso as votacións. A asemblea aproba con 7 votos online e 16 presenciais a favor. Aprobada por unanimidade.

3. Presentación e aprobación, se procede, da Previsión de Gastos e ingresos para 2024.

O tesoureiro explica a previsión de gastos. Destaca que o gasto de persoal será obxecto de cambio con respecto á previsión de gastos por este concepto do ano anterior, xa que existiron importantes incidencias de persoal.

Intervén o colexiado 3948, comenta o cambio co gasto de persoal con respecto ao ano anterior. O tesoureiro aclara a situación actual do persoal técnico e da situación das reclamacións de débedas da colexiación que se fai unha previsión do que se poida recadar.

A secretaria procede a dar paso a votación, a asemblea aproba por unanimidade.

4. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria do ano 2023.

A presidenta da paso a un vídeo explicativo da memoria.

A presidenta agradece a Nerea Fernandez a elaboración do vídeo.

Intervén o colexiado 3948, comenta os cambios do persoal. A secretaria explica a reincorporación da coordinadora despois da baixa foi a media xornada, e o resto de persoal de como se cubriron as baixas.

Procedes a votación, queda aprobada por unanimidade.

5. Presentación e aprobación, se procede, do Plan de actividades do ano 2024.

Miriam Rodríguez da paso ao plan de actividades, apoiándose no power point.

Explica que cada ano tentase mellorar o formato do plan de actividades. E explica que esta Xunta de Goberno sempre loita pola defensa dun sistema público. Polo que este ano se está a promocionar o Novo Modelo de Servizos Sociais que propón a profesión do Traballo Social, Ana Vilar explica as accións que se están a facer dende o Consello.

A presidenta fala tamén da área da asesoría xurídica. E da liña de actuación que se están a facer dende o grupo de traballo de comunitarios. Dando paso a David Gontán para que comente a situación actual das xuntanzas cos sindicatos e Fegamp.

A presidenta tamén da conta das xuntanzas solicitadas co Conselleiro de Sanidade e Xerente do SERGAS.

Da conta, das propostas políticas con motivo das eleccións autonómicas 2023. Por outra banda nomea os grupos e comisións que están a traballar no COTSG.

Fai referencia ao apartado de formación, e o grupo de apoio continuado. Tamén cita a revista Fervenzas.

Nomease a encomenda de xestión do programa MATIASS.

Explicase o cambio na área de comunicación, cambiando a empresa pola xestión propia.

Intervén o colexiado 3948 para preguntar pola planificación de cursos en concreto coa formación en Supervisión. Explicase que é un área

na que se está traballando, pero polo de momento aínda non se concretou. Polo que se necesita facer xuntanzas coa Universidade de Vigo para seguir avanzando. O colexiado 3948 ofrece a súa colaboración.

Tamén o colexiado 3948 pregunta sobre o proxecto de Investigación, e Ana Vilar explica que está en desenvolvemento, sufrindo algún retraso o cronograma previsto, pero tendo previsto ter os resultados a final de ano.

Intervén o colexiado 1398, que aproveita para agradecer o traballo realizado, e como participante no proxecto, explica a complexidade da realización deste proxecto, no que participan as entidades INDAGA, UVIGO e COTSG.

Intervén a colexiada 2699 que expresa que lle gustaría que a asemblea fora máis áxil, e ve que se fan demasiadas preguntas que entorpecen a continuidade da asemblea.

intervén por alusións o colexiado 3948 que recorda a importancia de revisar a documentación e facer preguntas.

intervén o colexiado 1398 para engadir que entende a postura dos dous anteriores intervintes.

Intervén a vogal Isabel Fernandez Lema, que recorda a complexidade de organización.

A secretaria somete a votación, aprobase por unanimidade.

6. Aprobación, se procede, do Código de Bo Goberno

A Presidenta da a palabra a Julia Álvarez, asesora xurídica, que explica o texto, remarcando que garante unha organización aberta e transparente.

Intervén o colexiado 3948, para pedir a retirada do punto, porque ve diferentes erros, xeneralizando que algúns artigos teñen introdución. Intervén a presidenta, para aclarar que foi un documento traballado e que debe ser votado.

Intervén Julia para aclarar que a comisión permanente do Código de Bo Goberno, non se refire a mesma que está nos Estatutos.

A presidenta recorda que este documento xa ven do Consello General del Trabajo Social.

Julia Álvarez di que as introducións aos artigos son aclaratorias. E ofrece que pode enviar as súas consultas a asesoría xurídica.

O colexiado 1398 pide que non se demore o debate e se someta a votación.

Ana Vilar comenta que xa foi aprobado no Consejo e se pediu que os diferentes Colexios o levaran a Asemblea.

O colexiado 3948 pide que se revise o documento e que conste en acta o seu referido.

Sometese o punto a votación, 3 persoas a favor de xeito online e 8 presenciais e 8 votos delegados., e 2 abstencións. Aprobase o punto con 16 votos a favor e 2 abstencións.

7. Aprobación, se procede, das Cotas colexiais

O tesoureiro recorda que se levan máis de 15 anos sen subir as cotas.

Intervén o colexiado 3948, pregunta sobre a baixada de cotas para investigadores bolseiros.

O tesoureiro propón manter a cota conxelada, e non establecer novos criterios en categoría de colexiación.

A secretaria refire que a actual composición de cotas considera que é máis xusta.

Intervén a colexiada 630, e comenta que outros colexios profesionais teñen a cota máis alta.

Intervén a colexiada 2699, e di que considera que as actuais cotas están ben, e que non se debe entrar na distinción por sectores. Recordando a diferenza entre soldos dos diferentes colexiados e colexiadas.

Sometese a votación, e aprobase por unanimidade.

8. Rogos e preguntas.

A presidenta traslada a idea, que o cargo de presidencia, require de moita dedicación, polo que de cara a vindeiras xuntas de goberno, propón a posibilidade de que a persoa que obteña a presidencia poida, ter unha excedencia forzosa e poder dedicar máis tempo a este cargo.

Intervén a colexiada 630, di que vendo a carga de traballo actual, que esta mesma xunta debería optar por coller a excedencia.

A vogal Isabel Fernandez Lema comenta que nestes últimos anos houbo moito traballo, e que para estar en todos actos e reunións é necesaria a dedicación.

Intervén o colexiado 1398, e entende que apoiaría esta proposta, pola exixencia do traballo. E porque é necesaria reivindicar esta profesión.

Intervén o colexiado 3948, que refire que entende a carga de traballo que ten dirixir un Colexio tan amplo. Ademais en termos de presuposto ve asumible.

Intervén a colexiada 2699, para expresar que apoiaría esta decisión pola cantidade de traballo que se abarca.

E sendo as 19.35 dáse por rematada a sesión.

Visto e praxe:

Asdo: a Presidenta

Asdo: a Secretaria



Asdo: 34999031T MIRIAM RODRIGUEZ (R: Q15690160)
o día 14/08/25 cun certificado emitido por:
AC Representación



T. 981 568 100_F. 981 941 898
www.traballosocial.gal
info@traballosocial.gal

Asdo: CAPELO CASAS MARIA ROSARIO - 46903919L
o día 02/09/25 cun certificado emitido por:
AC FNMT Usuarios